

JOSE CARRILLO SOUTO

Nado no 1953 na parroquia de Oínes, en Arzúa (A Coruña), provén dunha familia de esquerdas que se gañaban a vida coa agricultura e traballando o campo, e incluso co marisqueo, ao que se dedicou o seu pai nalgunha etapa da súa vida.

Empezou a traballar moi novo como dependente de comercio en Retales Oliva, dadas as necesidades familiares, pois eran moitos irmáns. Alí foi onde tivo os seus primeiros contactos co mundo laboral e sindical, nos anos 70, unha época dura, onde os dereitos laborais deixaban moito que desexar, influenciado por un mestre da República que o introduciu nas ideas progresistas e socialistas.

En 1979, movido por estas ideas e pola busca dun cambio no País, se afilia ó PSOE e á UGT, participando xa como delegado sindical nas primeiras eleccións sindicais en democracia, e formando parte do grupo fundador da Agrupación Socialista de Culleredo, presidida entón polo histórico Leopoldo (un exiliado do 36). Xunto a Tino Poza e outros compañeiros, confeccionaron a primeira lista socialista do municipio, conseguindo o primeiro concelleiro socialista da localidade en democracia.

Tras 13 anos no comercio, entrou a traballar na fábrica de armas de Santa Bárbara, en A Coruña, en 1983. Será alí onde a súa labor sindical se volve máis activa, negociando o Convenio xunto ó compañeiro Roberto Teijido, e como Secretario de Acción Sindical na Federación do Metal.

En 1992 é elixido Secretario Xeral Comarcal de UGT de A Coruña, co apoio e a proposta das compañeiras e compañeiros, cargo que xa non deixaría ata o ano 2020.

Acto homenaxe Pepe Carrillo

Aínda que a súa labor foi principalmente sindical, tamén xogou temporalmente un papel no ámbito político, como concelleiro de Culleredo entre 1979 e 1983, ata que a súa dedicación á defensa dos dereitos laborais o levou a centrar a súa actividade na UGT, onde, como el di, “sempre se sentiu moi a gusto”, pois ten claro que “o sindicato sempre foi por diante nas reivindicacións sociais e nas propostas progresistas”.

Durante todos este anos mantivo unha decidida dilixencia na defensa das persoas traballadoras, compaxinando o traballo na fábrica coa dirección da Unión Comarcal, enfrontándose a numerosas crisis económicas e momentos duros, como a Reconversión Industrial, ou o Golpe de Estado do 23F, durante o cal, xunto a unha compañeira, puxo a bo resguardo tódalas fichas das persoas afiliadas, a fin de evitar represalias. Gran defensor da unidade, sempre reclamou unha política industrial moderna, seria e ben coordinada para Galicia, enfrontándose ás políticas neoliberais que ían contaxiando as iniciativas económicas e que conduciron á organización de numerosas folgas, nas que xogou un destacado papel.

Carrillo é o exemplo dun sindicalista de raza, que reclamou ó longo de toda a súa traxectoria unha maior capacidade de negociación e un maior peso para os sindicatos, muralla de contención do abuso capitalista; así como a unión do sindicalismo internacional fronte a deslocalización e unha globalización tendente á liberalización do mercado de traballo; sempre dende o respecto ás ideas dos demais, xa que como el di, “a forma de avanzar é contrastar ideas”, pero mantendo un equilibrio entre as empresas e os sindicatos que impida o abuso empresarial e garanta os dereitos laborais fronte a precariedade, porque, como sostivo sempre, “a democracia hai que gañala tódolos días. Hai que participar e ser activista na vida se queremos que a sociedade funcione”. Máxima que sempre cumpriu e exemplificou ó longo da súa traxectoria sindical e vital.

Acto homenaxe Pepe Carrillo